



AXUDA PARA A INSERCIÓN DOS DATOS METEOROLÓXICOS

Estimado colaborador, neste documento indicámoslle como realizar a inserción de datos meteorolóxicos. Para isto, deberá seguir o seguinte proceso:

Acceder á web de Meteogalicia. Nela, premerá a ligazón de *Formación e MeteoEscolas*:

https://www.meteogalicia.gal/web/formacion/formacionIndex.action?request_locale=gl

Aparecerá a seguinte páxina:

The screenshot shows the 'Formación e MeteoEscolas' page with a navigation menu at the top: PREDICIÓN, OBSERVACIÓN, MODELOS NUMÉRICOS, CALIDADE AIRE, FORMACIÓN E METEOESCOLAS, PUBLICACIÓNS, MÁIS. The main content is divided into two columns. The left column has 'Actividades de formación' and 'Ligazóns de interese'. The right column has 'Plan Proxecta: Programa MeteoEscolas' and 'Programa Escola Verde'. In the 'Programa MeteoEscolas' section, the link 'Acceso ao rexistro de datos' is circled in red.

Desde “*Acceso ao rexistro de datos*” accédese a:

The screenshot shows the 'estacións escolares' page. At the top, there is a navigation menu with 'Inicio' and 'MeteoEscolas'. Below the menu, there is a large heading 'estacións escolares' with a background image of a school building. In the center, there is a login form titled 'Inicia aquí a sesión' with fields for 'Usuario:' and 'Contrasinal:', and a 'Login' button. At the bottom, there is a footer with contact information: 'MeteoGalicia - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda - Xunta de Galicia, Rúa Roma, nº 6. 15707 Santiago de Compostela. A Coruña' and 'Teléfono: +34-981-957464 Fax: +34-981-957466'.



Co nome de usuario e o contrasinal que lle ten proporcionado MeteoGalicia poderá iniciar a súa sesión.

A páxina que lle aparecerá será a seguinte:

The screenshot shows the 'Estación CPR Andaina' data entry page. A red box highlights the date selection tool, which includes a 'Seleccionar' button and a calendar for November 2020. The calendar shows the 18th and 19th of November selected. Below the date selection, there are four sections for data entry: 'Temperatura máxima', 'Temperatura mínima', 'Chuvia', and 'Percorrido do Vento'. Each section has a grid of input fields for dates from 09/11/2020 to 22/11/2020 and an 'enviar' button.

Debe escoller o período de inserción nos iconos que aparecen a carón das datas. A continuación introduciremos os datos. Para a introducción dos datos podemos ter dúas posibilidades: primeiro, que os días anteriores se tomaran os datos con continuidade ou segundo caso, que non se tomaran as lecturas (p. ex. fins de semana, períodos non lectivos, etc.)

Primeiro Caso:

No caso de que a recollida de datos sexa pola mañá, a temperatura máxima do termómetro anotarase no día anterior a lectura, porque habitualmente esta rexistrase nas horas centrais do día.

A temperatura mínima anotarase no propio día de lectura, porque habitualmente se rexistra pola noite ou a primeiras horas da mañá.



A pluviometría é un dato acumulado de 24 horas, das cales grande parte son do día anterior, polo que este dato anotarase o día anterior. Se non choveu porase cero.

O resto das variables indícarase con fenómeno non observado 0, fenómeno observado 1, anotando o fenómeno observado no día que se produciu. No suposto de no ter realizado a observación ou ter algunha dúbida, deixarase baleira a caixa correspondente.

Segundo Caso:

Supoñamos que pasaron días (da igual a duración do período) sen tomar lecturas. Neste caso procederemos do seguinte xeito.

As temperaturas anotarase exactamente igual que no caso anterior, e dicir, a máxima no día anterior e a mínima no propio día de lectura, e o resto de caixas inmediatamente anteriores quedarán baleiras, sen facer ningún tipo de anotación.

Tanto a pluviometría como o percorrido de vento son acumulados e os anotaremos no día anterior a lectura, exactamente igual que no primeiro caso, pero ademais marcaremos as correspondentes caixas de indicación de acumulado.

enviar

Chuvia (valor mínimo 0 L/m2, valor máximo 250 L/m2) ?

09/11/2020	10/11/2020	11/11/2020	12/11/2020	13/11/2020	14/11/2020	15/11/2020
			✓	✓	20	
16/11/2020	17/11/2020	18/11/2020	19/11/2020	20/11/2020	21/11/2020	22/11/2020

enviar

Percorrido do Vento (valor mínimo 0 km, valor máximo 800 km) ?

09/11/2020	10/11/2020	11/11/2020	12/11/2020	13/11/2020	14/11/2020	15/11/2020
16/11/2020	17/11/2020	18/11/2020	19/11/2020	20/11/2020	21/11/2020	22/11/2020

enviar

Orballo (fenómeno non observado 0 , fenómeno observado 1) ?

09/11/2020	10/11/2020	11/11/2020	12/11/2020	13/11/2020	14/11/2020	15/11/2020
16/11/2020	17/11/2020	18/11/2020	19/11/2020	20/11/2020	21/11/2020	22/11/2020

enviar

Escarcha (fenómeno non observado 0 , fenómeno observado 1) ?

09/11/2020	10/11/2020	11/11/2020	12/11/2020	13/11/2020	14/11/2020	15/11/2020
16/11/2020	17/11/2020	18/11/2020	19/11/2020	20/11/2020	21/11/2020	22/11/2020

enviar

Help

Por último, non debemos esquecer premer o botón de enviar.

E sobre todo lembren que a carón das variables existe a axuda que lles poderá clarear as posibles dúbidas que xurdan.

Moitas grazas pola súa colaboración.